


FervenzasLiterarias

Literatura galega na web desde 2007

Mércores, 10 Decembro 2014 12:12

A AELG lembrará ao poeta Miguel González Garcés no seu 25 cabodano

Publicado por [Redacción](#)



A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) organiza este venres 12 de decembro, coa colaboración da Biblioteca Nodal 'Miguel González Garcés' da Coruña, un acto literario en lembranza do escritor Miguel González Garcés, o mesmo día no que se conmemora o vintecinco cabodano.

Miguel González Garcés, poeta moi vencellado á Coruña, cidade que o veu nacer, morrer e traballar ao fronte da súa biblioteca pública por más corenta anos, é autor dunha abondosa producción literaria, nomeadamente no eido poético. Títulos seus son *Nas faíscas do soño*, *Sede e luz* ou *Un nome só na néboa*. Recentemente a editorial Laioveneto publicou a obra *Miguel González Garcés. Mineiro de luz*, un exhaustivo estudo sobre a vida e a obra de Miguel González Garcés a cargo de Xulio López Valcárcel.

O acto de homenaxe e de lembranza estará presentado por Francisco X. Fernández Naval e contarase coa intervención do presidente da AELG, Cesáreo Sánchez Iglesias.

No apartado literario intervirán as e os poetas Luz Pozo Garza, Xulio López Varcácel, Lino Braxe, Olga Patiño, Miguel Mato Fondo, Estíbaliz Espinosa, Manuel Rivas, Miguel Anxo Fernández-Vello, Ánxel Peñas, Xavier Seoane e Manuel Álvarez Torneiro.

No apartado musical contarase coas notas de César Morán e Xosé Taboada.

A entrada a este acto, de balde ata completar afora, terá lugar a partires das 19.45 h. no Salón de Actos da Biblioteca Nodal 'Miguel González Garcés' (R/ Miguel González Garcés, s/n) da Coruña.